

COMUNICADO DA CGENDL ANTE AS INFORMACIÓNS APARECIDAS SOBRE A COORDINADORA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A Coordinadora Galega de ENDL quere comezar por deixar claro que esta é a primeira e última vez que vai comparecer diante dos medios para responder ás acusacións falsas que se verteron sobre nós no día de onte. Non estamos para atender os delirios dun grupo que non se sabe a quen representa e que, a partir de falsidades e manipulacións, busca o protagonismo que non ten socialmente: que non contén connosco para alimentar a súa campaña de desprestixio da lingua galega. A diferenza desta xente que está continuamente na prensa alimentando a confrontación lingüística, os docentes que formamos parte da CGENDL queremos dedicarnos ao noso, que é dar clase e traballar pola nosa lingua. Isto debe ser o que molesta e, dado que non conseguiron que se eliminaran os ENDL no novo decreto, pretenden difamalos. Consideramos as informacións aparecidas no día de onte como tentativas de criminalizar o traballo desenvolvido nos ENDL por centos de profesionais que non facemos outra cousa que limitarnos a cumprir a lei, de aí que estas opinións só descualifican a quen as fai.

Con todo, comparecemos hoxe pero non o volveremos facer para este tema. As mentiras que se verteron sobre a Coordinadora e sobre as nosas persoas son de tal calado que, de se reiteraren, se terán que resolver nos xulgados e non nos medios de comunicación.

Dito isto, desde o Consello Directivo da CGENDL, queremos sinalar que:

1. Os ENDL (agora chamados Equipos de dinamización da lingua galega) naceron para potenciar o uso da lingua galega, de feito ese é o cometido que tiveron dende que existen e esa é a función exclusiva que lle encomenda o actual Decreto para o Plurilingüismo (art.15). Desenvolver ese labor a favor da lingua galega é un deber e máis unha obriga, e non supón defender ningunha ideoloxía política, supón unicamente facer o que a lexislación establece que debemos facer.
2. Dentro dese traballo de potenciación do uso da lingua galega, os ENDL promoven actividades diversas empregando diferentes soportes (blogs, revistas en papel, teatro, obradoiros musicais...) para que o alumnado desenvolva o uso oral e escrito do galego, que é un dos nosos obxectivos principais. Ao mesmo tempo búscase potenciar unhas actitudes positivas cara ao galego, idioma que como evidencia a denuncia feita sobre os ENDL, aínda se ve lastrado por numerosos prexuizos. Así mesmo, os equipos informan das actividades de apoio á lingua galega que se desenvolven na sociedade. Todo isto lévano facendo os equipos nos últimos 15 anos. A que veñen estes ataques agora? Será que despois da desaparición este verán dalgúns dos poucos medios existentes en lingua galega, pretenden tamén facer calar a voz dos ENDL?

3. Os equipos financian as súas actividades mediante a subvención que reciben da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Para acceder a ela cómpre presentar un proxecto que se valora segundo uns criterios públicos e ben definidos. Ao final do curso preséntase unha memoria e mais unha xustificación económica que é fiscalizada polo departamento de intervención económica da Xunta de Galicia e nunca houbo problemas. Con estas graves acusacións contra os equipos realmente o que están é acusando tamén a todos os implicados no proceso: ás direccións dos centros, á SXPL e á intervención da Xunta de Galicia.
4. Para o mellor desenvolvemento da súa función educativa e amparados no dereito fundamental á asociación, os membros dos ENDL poden constituír organizacións, participar en colectivos ou exercer o seu dereito de reunión para impulsar o intercambio de opinións, coordinar actividades e mellorar o seu labor. Esta práctica é habitual noutros titulares ou membros de órganos da administración sen que o uso da súa denominación profesional se entenda que viole ningunha disposición, antes ben permite identificar con maior claridade os seus obxectivos ou ámbito de actuación (por ex. *Asociación de Directores de Centros Públicos*).
5. A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) basea o seu traballo única e exclusivamente no voluntarismo dos seus membros e non ten ningún fin lucrativo. É público e notorio que toda a xente que ten colaborado coa Coordinadora fíxoo de xeito desinteresado, dende María Castro a Martiño Rivas; dende Luis Tosar a Antón Reixa ninguén cobrou un céntimo, nin a coordinadora cobrou un céntimo a ninguén por nada: todo o material producido pola coordinadora pode ser usado de forma gratuíta por quen o desexe. Os poucos gastos que puidemos ter ata o momento, como reservar un local, pagámoslos do noso peto. Polo tanto, nese sentido a CGENDL no ten nada que ocultar. Máis ao contrario, convidamos a quen queira a que faga as investigacións que desexe. Non sabemos se poden dicir o mesmo as persoas que fan as declaracións que nos traen aquí.
6. Confiamos en que nos responsables da Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística prevaleza o sentido común e non lle dean vento a esta caza de bruxas a través de falsidades contra docentes do ensino público e concertado, é dicir, contra traballadores da propia Consellería. Queremos pensar que a Consellería non se vai converter en cómplice destas falacias e manipulacións contra os seus propios traballadores.
7. Por último, a CGENDL, como organización plural e apartidaria e que ten como principio fundamental pular pola normalización da lingua galega, non vai entrar en polémicas políticas provocadas por un grupo con intereses políticos alleos á educación que, con declaracións intoxicadoras, está a pór en entredito a dignidade dos docentes.
8. Ningunha ameaza, explícita ou implícita, nos fará decaer do noso traballo diario pola normalización lingüística, tanto nos centros do ensino, como na sociedade, tal como o establece a lexislación vixente.